

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA



**(ARQUIVO ABERTO DA  
MEMORIA ARQUITECTÓNICA)**

**UN PROXECTO DE  
FRANCISCO RAMALLO  
NAS TORRES HEJDUK**

**30 AGO—25 NOV 2018**

# AAMA. Arquivo Aberto da Memoria Arquitectónica

## Intervención nas Torres Hejdkuk de Francisco Ramallo

—Do 30 de agosto ao 25 de novembro 2018

# AAMA. Archivo Abierto de la Memoria Arquitectónica

## Intervención en las Torres Hejdkuk de Francisco Ramallo

—Del 30 de agosto al 25 de noviembre 2018

**GAL** As Torres Hejdkuk convértense nun arquivo sonoro aberto para rescatar a arquitectura galega desaparecida ou transformada, lonxe dos grandes relatos arquitectónicos presentes na contorna. *AAMA (Arquivo Aberto da Memoria Arquitectónica)* é un proxecto entre o metafórico e o documental de Francisco Ramallo, gañador no Encontro de Artistas Novos 2017 da V Convocatoria de Intervencións Artísticas nas Torres Hejdkuk.

Coa colaboración de cinco artistas galegos emerxentes que participaron no EAN 2017 (Estela Barone, Matías Daporta, Leyre León, Mar Suárez e Andrea Torres), Ramallo levou a cabo un labor de investigación, análise e posterior recompilación de testemuños sobre edificios agora desaparecidos ou cunha función radicalmente diferente a cando os entrevistados tiveron contacto con eles.

En total, máis dun medio cento de edificios, entre os que se atopan arquitecturas emblemáticas como o Edificio Castromil, en Santiago de Compostela, construído en 1922 e derrubado en 1974; Cine Zárate, de Mugaros (1926), agora en ruínas; os Multicines ABC, de Pontevedra; o Club Casino de Ortigueira; ou que marcaron unha época social para distintas xeracións como a Discoteca Zao, de Cambados. Deste xeito, conséguese unha memoria recuperada paralela á hexemónica, composta por historias —construídas desde o afecto ou desde o anecdótico— que poden ser revividas e experimentadas por todas as persoas que se acheguen ás Torres Hejdkuk.

### Francisco Ramallo

Doutor en Historia da Arte, realizou mestrados en arte e literatura, así como diferentes estancias de investigación na New York University. Actualmente é profesor de Historia da Arte na Boston University Madrid, actividade que compaxina co seu labor de comisario independente. Durante o 2016/17 desenvolveu o proxecto *UT PICTURA*, co que pretende rachar o funcionamento tradicional das galerías de Madrid, introducindo nestas a poesía. Acaba de inaugurar na Stone Gallery de Boston *Rosana Antolí: Crossroads (Choreographies)* e de publicar o libro *Imágenes artísticas y literarias de la ciudad hostil*. Ademais, é membro do grupo de investigación 'Conversación abierta' da Sala Alcalá 31 da Comunidade de Madrid.

**CAST** Las Torres Hejdkuk se convierten en un archivo sonoro abierto para recuperar la arquitectura gallega desaparecida o transformada, alejada de los grandes relatos arquitectónicos presentes en la zona. *AAMA (Archivo Abierto de la Memoria Arquitectónica)* es un proyecto entre lo metafórico y lo documental de Francisco Ramallo, ganador en el Encontro de Artistas Novos 2017 de la V Convocatoria de Intervenciones Artísticas en las Torres Hejdkuk.

Con la colaboración de cinco artistas gallegos emergentes que participaron en el EAN 2017 (Estela Barone, Matías Daporta, Leyre León, Mar Suárez y Andrea Torres), Ramallo ha llevado a cabo una labor de investigación, análisis y posterior recopilación de testimonios sobre edificios ahora desaparecidos o con una función radicalmente diferente a cuando los entrevistados tuvieron contacto con ellos.

En total, más de un medio centenar de edificios, entre los que se encuentran arquitecturas emblemáticas como el Edificio Castromil, en Santiago de Compostela, construido en 1922 y derribado en 1974; Cine Zárate, de Mugaros (1926), ahora en ruinas; los Multicines ABC, de Pontevedra; el Club Casino de Ortigueira; o que marcaron una época social para distintas generaciones como la Discoteca Zao, de Cambados. De este modo, se consigue una memoria recuperada paralela a la hegemónica, compuesta por historias —construidas desde el afecto o desde lo anecdótico— que pueden ser revividas y experimentadas por todas las personas que se acerquen a las Torres Hejdkuk.

### Francisco Ramallo

Doctor en Historia del Arte, ha realizado másteres en arte y literatura, así como diferentes estancias de investigación en la New York University. Actualmente es profesor de Historia del Arte en la Boston University Madrid, actividad que compagina con su labor de comisario independiente. Durante 2016/17 desarrolló el proyecto *UT PICTURA*, con el que pretende romper el funcionamiento tradicional de las galerías de Madrid, introduciendo en estas la poesía. Acaba de inaugurar en la Stone Gallery de Boston *Rosana Antolí: Crossroads (Choreographies)* y de publicar el libro *Imágenes artísticas y literarias de la ciudad hostil*. Además, es miembro del grupo de investigación 'Conversación abierta' de la Sala Alcalá 31 de la Comunidad de Madrid.